

**memoria
de
xestión**

2016

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



CONTIDO

XUNTA DE GOBERNO	4
Composición e sesións.....	4
Comisión Executiva.....	4
Xuntas Directivas	4
Representantes do COAG noutros organismos.....	5
Representantes da Xunta de Goberno na Asemblea xeral do CSCAE celebrada o 25 de novembro de 2016	5
XUNTAS XERAIS	6
Ordinarias	6
Extraordinarias.....	9
CONVENIOS	10
SECRETARÍA.....	13
Altas e baixas	14
ÁREA TÉCNICA.....	15
Tramitación de traballos profesionais: Visado e Rexistro	15
Normativa técnica e planeamento	17
Asesoramento.....	17
ÁREA DE INFORMÁTICA	18
Habilitación da participación por vía telemática nas Xuntas Xerais.....	18
Implantación da “Guía de Tramitación de Traballos Profesionais	18
Plataforma de concursos on-line.....	19
Plataforma de premios.....	19
Auditoría de licencias e actualización do parque informático	19
Outros desenvolvementos e traballos.....	19
Resolución de consultas/atención ao colexiado	19
COMISIÓN DE CONCURSOS, FORMACIÓN, CULTURA E COMUNICACIÓN.	20
Estrutura	20
Cursos propios	20
Servizo de biblioteca, documentación e prensa.....	21
Cultura	21



Convocatoria dos XVII Premios COAG de Arquitectura.....	22
Concursos, Convenios e comunicación	22
COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA.....	27
RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL.....	31
RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.....	33
SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS: PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES	34
INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓN DE COLEXIADOS	38
AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES	39
DELEGACIÓN.....	41
DELEGACIÓN DE A CORUÑA.....	42
DELEGACIÓN DE LUGO	45
DELEGACIÓN DE OURENSE.....	45
DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	47
DELEGACIÓN DE VIGO	49
DELEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	52
DELEGACIÓN DE FERROL.....	54



XUNTA DE GOBERNO

Composición e sesións

Durante o exercicio 2016 a Xunta de Goberno tivo a seguinte composición:

DECANO-PRESIDENTE / **ANTONIO MAROÑO CAL**
TESOUREIRO-CONTADOR / **CARLOS RODRÍGUEZ DE LA TORRE**
SECRETARIO / **JOSÉ LUÍS SANMIGUEL GUERREIRO**
VOGAL / **ELVIRA CARREGADO PAZOS**
VOGAL / **BEATRIZ HERMIDA CALVIÑO**
VOGAL / **FERNANDO TABERNEIRO DUQUE**
VOGAL A CORUÑA / **CRISTÓBAL CRESPO GONZÁLEZ**
VOGAL VIGO / **SIMÓN PEREIRO LÓPEZ-QUECUTY**
PRESIDENTE A CORUÑA / **ROBERTO COSTAS PÉREZ**
PRESIDENTE LUGO / **RAÚL J. VEIGA LAMELAS**
PRESIDENTE OURENSE / **ANTONIO DE PAULA PRIETO**
PRESIDENTE PONTEVEDRA / **MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY**
PRESIDENTE VIGO / **ANTONIO DAVILA ALONSO**
PRESIDENTA SANTIAGO / **SANTIAGO GARCÍA SUÁREZ**
PRESIDENTE FERROL / **RAMÓN MONTERO CEREIJO**

A Xunta de Goberno celebrou 17 reunións no transcurso do ano 2016.

Comisión Executiva

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno estivo formada polo Decano, o Tesoureiro, o Secretario, a vogal Dona Elvira Carregado Pazos e o Presidente da Delegación de Vigo, Don Antonio Davila Alonso. Durante o ano 2016 celebrou unha única sesión que tivo lugar o 14 de outubro.

Xuntas Directivas

Durante o exercicio 2016 a Xunta de Goberno tivo a seguinte composición:

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Roberto Costas Pérez.
Secretario: D. Óscar Pedrós Fernández.
Tesoureiro: Dona Julia Álvarez García.

DELEGACIÓN DE LUGO

Presidente: D. Raúl J. Veiga Lamelas.
Secretario: Dona Mónica Folgueira Cobas.
Tesoureiro: Dona M^a Belén Feijoo Lombao.

DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. Alberto de Paula Prieto.
Secretario: Dona Emma Noriega García.
Tesoureiro: Dona Paula Feijoo Calviño

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Manuel Abelleira Argibay.
Secretario: D. Anselmo Villanueva Peón.
Tesoureira: Dona María Luisa Pierres López.

DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Antonio Davila Alonso.
Secretario: Dona María Mariño de Oya
Tesoureiro: D. Manuel Martínez Carazo.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidenta: Don Santiago García Suárez.
Secretaria: D. Alejandro Fernández Vázquez.
Tesoureira: Dona Carmen Rey López.

DELEGACIÓN DE FERROL

Presidente: D. Ramón Montero Cereijo.
Secretario: Dona M^a de la Concepción Laborda Alberto.
Tesoureiro: D. José Alejandro Romero Alonso.



Representantes do COAG noutros organismos

ORGANISMO	REPRESENTANTE
Representante no Pleno do CSCAE	D. Antonio Maroño Cal
Representante Padroado Fundación Docomomo	
Representante titular na Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia	
Membro Xunta Directiva da Unión Profesional de Galicia	
Membro do Consello executivo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	
Xurado de Expropiación de Galicia	Titular (ata o 3 marzo de 2016): D. Roberto Caride Fernández
	Titular (a partir do 3 de marzo de 2016): D. José Manuel Alonso Velasco
	Suplente: D. Alberto de Paula Prieto
Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago	Titular: Dona Carmen Rey López
	Suplente: D. Ricardo Varela Fernández
Representante na Comisión Técnica da Fundación Docomomo	D. Fernando Agrasar Quiroga

Representantes da Xunta de Goberno na Asemblea xeral do CSCAE celebrada o 25 de novembro de 2016

Conforme ao acordo da Xunta de Goberno 9/2016 de 7 de xullo, foron designados representantes os seguintes membros das Xunta de Goberno:

- Antonio Maroño Cal, Decano
- Carlos Rodríguez de la Torre, Tesoureiro
- José Luís Sanmiguel Guerreiro, Secretario
- Beatriz Hermida Calviño, Vogal
- Fernando M. Taberner Duque, Vogal
- Simón Pereiro López Quecuty, Vogal
- Roberto Costas Pérez, Presidente Delegación A Coruña
- Raúl J. Veiga Lamelas, Presidente Delegación Lugo
- Manuel Abelleira Argibay, Presidente Delegación Pontevedra
- Ramón Montero Cereijo, Presidente Delegación de Ferrol



XUNTAS XERAIS

Ordinarias

26/05/2016

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 26 de maio, tratouse a seguinte orde do día:

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS XUNTA XERAIS PENDENTES.
2. INFORME DO ILMO. SR. DECANO.
 - Informe sobre a proposta de “Guía de tramitación de traballos profesionais” que se está a elaborar coa finalidade de que substitúa ao actual “Manual de cálculo do prezo do visado colexial.
3. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2015.
4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2015.
5. INFORME DO SR. SECRETARIO.
6. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

- 1º.- APROBAR AS ACTAS DAS XUNTA XERAIS PENDENTES CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA CELEBRADAS O 17 DE DECEMBRO DE 2015.

Votos a favor 100
Votos en contra 0
Abstencións 4
Total votos 104
(16 votos de asistentes presenciais, 12 de asistentes telemáticos e 76 votos delegados)

- 3º.- APROBAR A MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2015.

Votos a favor 114
Votos en contra 3
Abstencións 8
Total votos 125
(15 votos de asistentes presenciais, 32 de asistentes telemáticos e 78 votos delegados)

- 4º.- APROBAR AS CONTAS ANUAIS E O PECHE DE CONTAS DO ANO 2015.

Votos a favor 112
Votos en contra 5
Abstencións 9
Total votos 126
(16 votos de asistentes presenciais, 32 de asistentes telemáticos e 78 votos delegados)

21/12/2016

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 21 de decembro, tratouse a seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.
2. ALTAS, BAIXAS, COLEXIADOS DE HONOR E MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA DURANTE O ANO 2016.
3. INFORME DO ILMO. SR. DECANO-PRESIDENTE.
4. INFORME DO SR. SECRETARIO.
5. MELLORADA A GUÍA DE TRAMITACIÓN COAS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS QUE SIMPLIFICA E REDACTA DE XEITO MÁIS CLARO OS CONCEPTOS A APLICAR, FORMULA UNHA MELLOR MODULACIÓN DOS PREZOS VARIABLES E AXUSTA OS PREZOS FIXOS CARA A UNHA REDUCIÓN XENERALIZADA DOS PREZOS DE TRAMITACIÓN, ELIMINA O COBRO DA TRAMITACIÓN DAS COMUNICACIÓNS DE ENCOMENDA E CORRECCIÓNS BÁSICAS MOTIVADAS POR REQUIRIMENTOS NOTIFICADOS DAS ADMINISTRACIÓNS



PÚBLICAS, E LOGO DE ORDENAR AS MELLORAS NA IMPLANTACIÓN DA GUÍA RELATIVAS Á FLEXIBILIZACIÓN DAS ESTRUCTURAS DOCUMENTAIS, FÓRMULAS DE PAGO TENDENTES A MELLORAR A XESTIÓN ECONÓMICA DOS COLEXIADOS E INFORMACIÓN ÓS COLEXIADOS, A XUNTA DE GOBERNO APROBOU, NA SÚA SESIÓN 6/2016, DE 30 DE NOVEMBRO, O TEXTO DEFINITIVO DA GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS E SOMETER Á APROBACIÓN DA XUNTA XERAL O SEGUINTE ACORDO:

“APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDER, DA GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS, NOS SEGUINTE TERMOS:

- A. MODIFICACIÓN DA GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS, APROBADA PROVISIONALMENTE NA XUNTA XENERAL EXTRAORDINARIA DE 21 DE SETEMBRO DE 2016, CONFORME AO TEXTO DEFINITIVO ADXUNTO.
 - B. A APROBACIÓN DEFINITIVA DA GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS ENTRARÁ EN VIGOR AO DÍA SEGUINTE DA SÚA PUBLICACIÓN NA CIRCULAR COLEXIAL.
 - C. PROCEDER Á REVISIÓN DO PREZO DE TODOS OS VISADOS EXPEDIDOS EN APLICACIÓN DA GUÍA PROVISIONAL DURANTE A SÚA VIXENCIA, ENTRE O 7 DE OUTUBRO DE 2016 E ATA A ENTRADA EN VIGOR DA GUÍA DEFINITIVA, REALIZANDO O CÁLCULO CONFORME Á GUÍA APROBADA DEFINITIVAMENTE, E PROCEDENDO, NAQUELES CASOS EN QUE O PREZO DE VISADO DO TRABALLO CONFORME A GUÍA DEFINITIVA RESULTE INFERIOR, Á DEVOLUCIÓN DA DIFERENZA AOS CORRESPONDENTES COLEXIADOS”.
6. RESOLUCIÓN, SE PROCEDE, DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. CARLOS GARRIGA DOMÍNGUEZ, COLEXIADO CO Nº 2219, CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA DE 21 DE SETEMBRO DE 2016 DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS” QUE SUBSTITÚE “AO MANUAL DE CÁLCULO DO PREZO DO VISADO COLEXIAL” COMO SISTEMA DE CÁLCULO DO PREZO DE VISADO COLEXIAL.
 7. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO ORZAMENTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2017, QUE INCLÚE AS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2017, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO.
 8. REVOGAR AQUELAS PARTES DE CALQUERA OUTRO ACORDO DÁ XUNTA XERAL NA MEDIDA NA QUE ESTAS ATRIBÚAN UN CARÁCTER FINALISTA AOS IMPORTES PROCEDENTES DE VENDAS DE INMOBLES, E EN CONSECUCIÓN DESTINAR OS INGRESOS OBTIDOS POLAS VENDAS DE INMOBLES DO COAG (QUE TEÑEN A CONSIDERACIÓN DE RECURSOS OU INGRESOS EXTRAORDINARIOS DOS ÓRGANOS CENTRAIS DO COAG EN VIRTUDE DO ARTIGO 61.4 C) DOS ESTATUTOS), AOS FINS QUE A XUNTA DE GOBERNO CONSIDERE MÁIS ADECUADOS E ÚTILES Á SITUACIÓN ECONÓMICA E/OU NECESIDADES OPERATIVAS DO COLEXIO EN CADA MOMENTO CONFORME AOS CRITERIOS POR ELA DETERMINADOS EN PLENO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS ECONÓMICAS PREVISTAS NO ARTIGO 34.3 DOS ESTATUTOS COLEXIAIS.
 9. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

PUNTO 1º APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	165
En contra	1
Abstencións	125
Total votos	291
(32 presenciais, 47 dixitais e 212 delegados)	

PUNTO 5º. APROBACIÓN DEFINITIVA DA GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS ENTRADA EN VIGOR E EFECTOS, NOS SEGUINTE TERMOS:

- A. MODIFICACIÓN DA GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS, APROBADA PROVISIONALMENTE NA XUNTA XENERAL EXTRAORDINARIA DE 21 DE SETEMBRO DE 2016, CONFORME AO TEXTO DEFINITIVO ADXUNTO.
- B. A APROBACIÓN DEFINITIVA DA GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS ENTRARÁ EN VIGOR AO DÍA SEGUINTE DA SÚA PUBLICACIÓN NA CIRCULAR COLEXIAL.
- C. PROCEDER Á REVISIÓN DO PREZO DE TODOS OS VISADOS EXPEDIDOS EN APLICACIÓN DA GUÍA PROVISIONAL DURANTE A SÚA VIXENCIA, ENTRE O 7 DE OUTUBRO DE 2016 E ATA A ENTRADA EN VIGOR DA GUÍA DEFINITIVA, REALIZANDO O CÁLCULO CONFORME Á GUÍA APROBADA DEFINITIVAMENTE, E PROCEDENDO, NAQUELES CASOS EN QUE O PREZO DE VISADO DO



TRABALLO CONFORME A GUÍA DEFINITIVA RESULTE INFERIOR, Á DEVOLUCIÓN DA DIFERENCIA AOS CORRESPONDENTES COLEXIADOS.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	200
En contra	175
Abstencións	6
Total votos	381

(39 presenciais, 65 dixitais e 277 delegados)

PUNTO 6º RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. CARLOS GARRIGA DOMÍNGUEZ, COLEXIADO CO Nº 2219, CONTRA O ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA DE 21 DE SETEMBRO DE 2016 DE APROBACIÓN PROVISIONAL DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS” QUE SUBSTITÚE “AO MANUAL DE CÁLCULO DO PREZO DO VISADO COLEXIAL” COMO SISTEMA DE CÁLCULO DO PREZO DE VISADO COLEXIAL.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor da desestimación	202
En contra da desestimación	165
Abstencións	8
Total votos	375

(38 presenciais, 62 dixitais e 275 delegados)

PUNTO 7º. APROBAR O ORZAMENTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, QUE INCLÚE AS COTAS COLEXIAIS PARA O EXERCICIO 2017, PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O EXERCICIO 2017.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	185
En contra	40
Abstencións	49
Total votos	274

(30 presenciais, 35 dixitais e 209 delegados)

PUNTO 8º REVOGAR AQUELAS PARTES DE CALQUERA OUTRO ACORDO DÁ XUNTA XERAL NA MEDIDA NA QUE ESTAS ATRIBÚAN UN CARÁCTER FINALISTA AOS IMPORTES PROCEDENTES DE VENDAS DE INMOBLES, E EN CONSECUENCIA DESTINAR OS INGRESOS OBTIDOS POLAS VENDAS DE INMOBLES DO COAG (QUE TEÑEN A CONSIDERACIÓN DE RECURSOS OU INGRESOS EXTRAORDINARIOS DOS ÓRGANOS CENTRAIS DO COAG EN VIRTUDE DO ARTIGO 61.4 C) DOS ESTATUTOS), AOS FINS QUE A XUNTA DE GOBERNO CONSIDERE MÁIS ADECUADOS E ÚTILES Á SITUACIÓN ECONÓMICA E/OU NECESIDADES OPERATIVAS DO COLEXIO EN CADA MOMENTO CONFORME AOS CRITERIOS POR ELA DETERMINADOS EN PLENO EXERCICIO DAS SÚAS COMPETENCIAS ECONÓMICAS PREVISTAS NO ARTIGO 34.3 DOS ESTATUTOS COLEXIAIS.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	212
En contra	6
Abstencións	6
Total votos	224

(24 presenciais, 26 dixitais e 174 delegados)



Extraordinarias

26/05/2016

Na Xunta Xeral extraordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 26 de maio, tratouse a seguinte orde do día:

PUNTO ÚNICO: AUTORIZAR A VENDA DO LOCAL SITUADO NA RÚA XOÁN XXIII Nº 17, PLANTA SOTO 1, DE OURENSE, POLO PREZO DE 6.600 €, E FACULTAR AO SR. DECANO, D. ANTONIO MAROÑO CAL E AO SR. PRESIDENTE DA XUNTA DIRECTIVA DA DELEGACIÓN DO COAG EN OURENSE, D. ALBERTO DE PAULA PRIETO, PARA QUE CALQUERA DOS DOUS POIDA, EN REPRESENTACIÓN DA CORPORACIÓN PROFESIONAL, REALIZAR OS TRÁMITES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN E FORMALIZACIÓN DA VENDA

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

AUTORIZAR A VENDA DO LOCAL SITUADO NA RÚA XOÁN XXIII Nº 17, PLANTA SOTO 1, DE OURENSE, POLO PREZO DE 6.600 €, E FACULTAR AO SR. DECANO, D. ANTONIO MAROÑO CAL E AO SR. PRESIDENTE DA XUNTA DIRECTIVA DA DELEGACIÓN DO COAG EN OURENSE, D. ALBERTO DE PAULA PRIETO, PARA QUE CALQUERA DOS DOUS POIDA, EN REPRESENTACIÓN DA CORPORACIÓN PROFESIONAL, REALIZAR OS TRÁMITES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN E FORMALIZACIÓN DA VENDA.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	85
Votos en contra	5
Abstencións	6
Total votos	96

(15 votos de asistentes presenciais, 27 de asistentes telemáticos e 54 votos delegados)

21/09/2016

Na Xunta Xeral extraordinaria celebrada en Santiago de Compostela o 21 de setembro, tratouse a seguinte orde do día:

1º APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS” QUE SUBSTITÚE “AO MANUAL DE CÁLCULO DO PREZO DO VISADO COLEXIAL” COMO SISTEMA DE CÁLCULO DO PREZO DE VISADO COLEXIAL, QUE ENTRARÍA EN VIGOR CANDO SE COMPLETE A SÚA IMPLANTACIÓN INFORMÁTICA, E QUE SERÁ SOMETIDO A APROBACIÓN DEFINITIVA NA XUNTA XERAL ORDINARIA A CELEBRAR EN DECEMBRO DE 2016.

Os acordos adoptados na devandita sesión foron os seguintes:

APROBACIÓN PROVISIONAL DA “GUÍA DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS” QUE SUBSTITÚE “AO MANUAL DE CÁLCULO DO PREZO DO VISADO COLEXIAL” COMO SISTEMA DE CÁLCULO DO PREZO DE VISADO COLEXIAL, QUE ENTRARÍA EN VIGOR CANDO SE COMPLETE A SÚA IMPLANTACIÓN INFORMÁTICA, E QUE SERÁ SOMETIDO A APROBACIÓN DEFINITIVA NA XUNTA XERAL ORDINARIA A CELEBRAR EN DECEMBRO DE 2016.

O resultado da votación foi o seguinte:

Votos a favor	49
Votos en contra	24
Abstencións	9
Total votos	82



CONVENIOS

- MUSEO NACIONAL CENTRO DE ARTE REINA SOFÍA.** Asinado 12/12/2015 **Obxecto:** aluguer de espazos para a realización do *III Encuentro Educación Arquitectura* os días 16 e 17 de xaneiro de 2016. **Vixencia:** 16 e 17 de xaneiro de 2016. **Obrigas do Colexio:** abono da cantidade de 3.852,30 euros en concepto de taxa. **Obrigas da outra parte:** cesión do espazo denominado *Aula 200* do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid.
- FUNDACIÓN GALICIA SUSTENTABLE.** Asinado o 21/01/2016 **Obxecto:** Actuación conxunta para a produción dunha serie de materiais divulgativos sobre a paisaxe con carácter eminentemente divulgativo dentro do que son os obxectivos xerais de SomosPaisaxe e o ProxectoTERRA. **Vixencia:** Durante o exercicio 2016, presentándose os resultados acadados antes do 30 de xuño. **Obrigas do Colexio:** Aportar os materiais dos que dispón o ProxectoTERRA e colaborar na definición dos guións de contidos de cada un dos materiais a desenvolver no marco do convenio. **Obrigas da outra parte:** Responsabilizarse dos guións de contidos e produción dos materiais divulgativos acordados aportando os materiais dos que dispón Somos Paisaxe.
- CONCELLO DE FERROL.** Asinado o 25/02/2016 **Obxecto:** Convocatoria dun concurso de proxectos a nivel de anteprojectos para a remodelación da Praza de Armas do Concello de Ferrol. **Vixencia:** ata dous meses despois do fallo do concurso. **Obrigas do Colexio:** prestar asistencia técnica para a redacción del pregos, xestión da documentación do concurso, creación de documentación e difusión na web, asesoramento aos participantes e Secretaría interna do concurso. **Obrigas da outra parte:** convocar un concurso de proxectos de arquitectura a nivel de anteprojecto para a remodelación do espazo público denominado Praza de Armas, cun PEM de 1.200.000 € e uns honorarios totais de 50.000 € IVE non incluído, así como abonar ao COAG 2.220 € máis IVE pola súa colaboración.
- UNIVERSIDADE DE VIGO.** Asinado o 1/3/2016 **Obxecto:** Convenio marco de colaboración para a realización conxunta de actividades e proxectos en todo tipo de asuntos que resulten de interese para as dúas institucións. **Vixencia:** a partir da data da súa sinatura unha duración de catro anos.
- CONCELLO DE FERROL.** Asinado o 1/4/2016. **Obxecto:** establecer as condicións de cooperación entre o COAG e o Concello de Ferrol para ofrecer aso centros educativos de Galicia unha visita guiada de arquitectura e cidade en Ferrol como parte das actividades complementarias do proxectoTERRA. **Vixencia:** ata o 31 de decembro de 2016. **Obrigas do Colexio:** xestión da oferta e realización das visitas á cidade de Ferrol, achegando materiais didácticos e guía de acompañamento aos grupos, así como incorporar na publicidade da actividade ao Concello de Ferrol como entidade colaboradora do proxectoTERRA. **Obrigas da outra parte:** prestar o servizo gratuito da viaxe en barca pola ría e na visita guiada de arquitectura e cidade a Ferrol, ata un máximo de 2.700 euros e colaborar na organización das actividades que se realicen.
- ARA NEGOCIOS, S.L.** Asinado o 07/04/2016. **Obxecto:** regulación da colaboración entre as partes sobre a oferta dos cursos realizados por Ara Negocios para o Colexio. **Vixencia:** un ano, prorrogándose tacitamente. **Obrigas do Colexio:** comunicar os descontos en formación aos colexiados e apoio a Ara Negocios na difusión das accións formativas. **Obrigas da outra parte:** ofrecer condicións económicas especiais para os colexiados, cun 15% de desconto para os colexiados, e un 10% adicional para os colexiados subscritos ao servizo de formación do Colexio, abonando ao COAG un 10% do importe da matrícula de cada colexiado nos cursos difundidos polo Colexio.
- AULA DOMUS Consultoría y formación, S.C.** Asinado o 07/04/2016 **Obxecto:** regulación da colaboración para ofertar os cursos de AulaDOMUS para o Colexio. **Vixencia:** un ano, prorrogándose tacitamente. **Obrigas do Colexio:** comunicar os descontos en formación aos colexiados e apoio a AulaDOMUS na difusión das accións formativas. **Obrigas da outra parte:** ofrecer condicións económicas especiais para os colexiados, cun 15% de desconto para os colexiados, e un 10% adicional para os colexiados subscritos ao servizo de formación do Colexio, abonando ao COAG un 10% do importe da matrícula de cada colexiado nos cursos difundidos polo Colexio.



VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, AA.PP. E XUSTIZA. Asinado o 15/04/2016. **Obxecto:** Convenio para establecer a colaboración durante un concurso de ideas, con intervención de xurado, para a redacción do anteproxecto de adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo, que terá como finalidade a selección da mellor proposta. **Vixencia:** ata o 30 de setembro de 2016. **Obrigas do Colexio:** prestar asistencia técnica en materia técnica e urbanística, xestión da documentación do concurso, creación de documentación e difusión na web. **Obrigas da outra parte:** convocar o concurso así como o abono dos premios. Tamén abonar ao COAG 6.000 euros en concepto de gastos por colaboración.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. Asinado o 11/5/2016. **Obxecto:** Colaboración para realización de diferentes actuacións documentais e de mellora e eficacia técnica nas edificacións, instalacións e equipamentos educativos públicos, competencia da Xunta de Galicia, nas catro provincias galegas. **Vixencia:** ata o 31/03/2017. **Obrigas do Colexio:** elaboración dunha proposta de imaxe corporativa para as aulas, realización de ficha tipo, catalogación de centros e compromiso económico de 6.900,38 euros. **Obrigas da outra parte:** facilitar ao grupo de traballo designado polo COAG medios e apoio necesario para a realización da tarefa, cunha aportación económica de 97.600 euros.

GEASIC. Especialista en SIG y Medio Ambiente. Asinado o 9/6/2016. **Obxecto:** regulación da colaboración entre as partes sobre a oferta dos cursos realizados por Ara Negocios para o Colexio. **Vixencia:** un ano, prorrogándose tacitamente. **Obrigas do Colexio:** comunicar os descontos en formación aos colexiados e apoio a GEASIC na difusión das accións formativas. **Obrigas da outra parte:** ofrecer condicións económicas especiais para os colexiados, cun 15% de desconto para os colexiados, e un 10% adicional para os colexiados subscritos ao servizo de formación do Colexio, abonando ao COAG un 10% do importe da matrícula de cada colexiado nos cursos difundidos polo Colexio.

ARQUITECTURA SIN FRONTERAS. Asinado o 14/6/2016. **Obxecto:** convenio de colaboración para poñer a disposición dos centros educativos de Galicia de materiais e actividades de Arquitectura Sin Fronteras, dentro do marco de proxectoTERRA. **Vixencia:** indefinida. **Obrigas do Colexio:** incorporar a ASF como entidade colaboradora en toda a publicidade, publicacións propias do proxecto e outros actos divulgativos do proxectoTERRA. **Obrigas da outra parte:** aportar recursos educativos, medios materiais e persoais para facilitar a difusión do proxectoTERRA na comunidade educativa galega.

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO. Asinado o 21/6/2016. **Obxecto:** elaboración dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas definidas no catálogo das paisaxes de Galicia. **Vixencia:** ata o 30/12/2016. **Obrigas do Colexio:** Convocatoria difusión dun concurso, información, contratación dos equipos, seguimento das entregas, abonar os traballos e entregar ao IET o traballo final dos seis equipos. **Obrigas da outra parte:** colaboración técnica na elaboración dos traballos e aportación económica de 163.350 euros.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. Addenda asinada o 26/7/2016. **Obxecto:** continuación do convenio asinado o 17/6/2014 para dar continuidade a todo o traballo desenvolvido na Educación Secundaria, reforzando e consolidando a presenza do proxectoTERRA na Educación Primaria e Educación Infantil, establecendo a programación de actuacións para o ano 2017. **Obrigas do Colexio:** Asumir a organización, realización, coordinación e xestión das actividades realizadas dentro do proxectoTERRA, cunha aportación económica de 13.448 euros en 2016. **Obrigas da outra parte:** Facilitar ao COAG información documental e estatística cunha aportación económica de 90.000 euros en 2016.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. Asinado o 30/7/2016. **Obxecto:** protocolo para a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das dúas institucións. **Vixencia:** 31/12/2016.

ORDEM DOS ARQUITECTOS DE PORTUGAL. Asinado o 4/8/2016. **Obxecto:** establecer as condicións de colaboración institucional para dinamizar a comunicación e estimular proxectos futuros que podan beneficiar o desenvolvemento de estratexias e comunicación nacional e internacional no ámbito da arquitectura. **Vixencia:** un ano, renovable. **Obrigas do Colexio:** cooperación institucional e promoción de actuacións de interese para ambos colectivos. **Obrigas da outra parte:** cooperación institucional e promoción de actuacións de interese para ambos colectivos.



ISCARNET SOFTWARE DE ARQUITECTURA. Asinado o 21/9/2016. **Obxecto:** regulación da colaboración entre as partes sobre a oferta dos cursos realizados por Ara Negocios para o Colexio. **Vixencia:** un ano, prorrogándose tacitamente. **Obrigas do Colexio:** comunicar os descontos en formación aos colexiados e apoio a ISCARNET na difusión das accións formativas. **Obrigas da outra parte:** ofrecer condicións económicas especiais para os colexiados, cun 15% de desconto para os colexiados, e un 10% adicional para os colexiados subscritos ao servizo de formación do Colexio, abonando ao COAG un 10% do importe da matrícula de cada colexiado nos cursos difundidos polo Colexio.

CONCELLO DE PARADA DE SIL. Asinado o 4/10/2016. **Obxecto:** colaboración para a convocatoria dun concurso de proxectos con intervención de xurado para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila, para destinalas a vivendas para residentes dese concello. **Vixencia:** ata dous meses despois do fallo do concurso. **Obrigas do Colexio:** redacción dos pregos, difusión do concurso entre os arquitectos de España, colaborar, informar e defender os intereses dos concursantes e formar parte do xurado. **Obrigas da outra parte:** convocar un concurso de proxectos de arquitectura a nivel de anteprojecto para a rehabilitación de construcións no lugar de Fondodevila, abonando os premios, así como abonar ao COAG 1.000 € máis IVE pola súa colaboración.



SECRETARÍA

As actividades desenvolvidas pola Secretaría colexial durante o exercicio obxecto desta memoria enmarcáronse dentro das funcións normais deste Departamento, materializándose na tramitación dos seguintes asuntos:

- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 18 actas, correspondentes a 17 sesións de Xunta de Goberno e 1 sesión da Comisión Executiva.
- Convocatoria, elaboración e envío de documentación, e control de asistencia e votacións das actas correspondentes ás Xuntas Xerais ordinarias de 26 de maio e de 21 de decembro e das extraordinarias de 26 de maio e de 21 de setembro.

Mantense o rexistro de Sociedades Profesionais de Arquitectos no que figuran inscritas aquelas aprobadas pola Xunta de Goberno ou a Comisión Executiva. O total de sociedades de alta e activas é de 201.

Execución dos acordos recaídos nas sesións de Xunta de Goberno, Comisión Executiva e Xuntas Xerais.

Tramitación de 353 expedientes colexiais, que se desglosan como segue:

- o 123 altas de colexiados residentes
- o 83 baixas de colexiados residentes
- o 97 altas de colexiados habilitados

Rexistro, distribución e arquivo de 597 documentos (294 entradas e 303 saídas)

En canto á xestión e recepción de documentos dos becarios do convenio de prácticas coa E.T.S.A.C, xestionáronse 43 solicitudes de becarios realizadas por colexiados.

Servizos administrativos á Asesoría xurídica e resto de comisións e agrupacións colexiais.

Convocatoria, xestión da documentación e seguimento da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do Colexio, xunto coa convocatoria para o ano 2016 das listas dos membros da Agrupación e das listas dos arquitectos dispostos a actuar como peritos perante os órganos xudiciais, a Axencia Estatal da Administración Tributaria e a Axencia Tributaria Galega e ao Colexio Notarial de Galicia.

Tamén se xestionou a convocatoria da lista de peritos para a "Prestación de asistencia pericial á Administración de Xustiza de Galicia", xestionando a xestión da designación como peritos de 24 colexiados inscritos nesa lista.

Por último, durante o 2016 tramitáronse 3 bolsas de emprego que correspondían cos seguintes ofertas de emprego:

- Contratación de dous arquitectos para seleccionar expedientes co obxecto da devolución aos seus autores, no local de arquivo da Delegación de Ourense.
- Contratación de dous arquitectos para seleccionar expedientes co obxecto da devolución aos seus autores, no local de arquivo da Delegación de A Coruña.
- Contratación dun arquitecto para realizar un derribo en Nigrán conforme á petición realizada por dito Concello.



Altas e baixas

COLEXIADOS:

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	47
Lugo	9
Ourense	10
Pontevedra	11
Vigo	32
Santiago	9
Ferrol	5

TOTAL: 123

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	37
Lugo	7
Ourense	3
Pontevedra	8
Vigo	20
Santiago	4
Ferrol	4

83

TOTAL COLEXIADOS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	971
Lugo	244
Ourense	252
Pontevedra	306
Vigo	513
Santiago	288
Ferrol	118

2692

SOCIEDADES PROFESIONAIS

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	4
Lugo	0
Ourense	3
Pontevedra	1
Vigo	0
Santiago	1
Ferrol	0

TOTAL: 9

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	3
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	2
Vigo	0
Santiago	3
Ferrol	1

9

TOTAL SOCIEDADES

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	79
Lugo	20
Ourense	18
Pontevedra	24
Vigo	35
Santiago	20
Ferrol	5

201

Arquitectos colexiados falecidos en 2016:

- 191, Mariano Jaureguizar Azarola, delegación de Pontevedra
- 707, Gonzalo J. Pérez Álvarez, delegación de Vigo
- 823, Jesús Fernández López, delegación de Lugo
- 2361, Diego García-Muñoz Vaquero, delegación de A Coruña
- 2549, Juan Manuel Fernández Rivas, delegación de Vigo

Arquitectos colexiados de honor en 2016:

- 69, Conde Aldemira, Arturo, delegación de Vigo
- 70, Riera Nieves, Jaime, delegación de Vigo

ÁREA TÉCNICA

Tramitación de traballos profesionais: Visado e Rexistro

No ano 2016 modificouse o sistema de tramitación, entrando en vigor o 7.10.2016 a Guía de tramitación de traballos profesionais que veu substituír o Manual para o cálculo do prezo do servizo de visado.

A Guía clarifica a tramitación ó basearse en definicións e procedementos da lexislación xeral que evitan a dualidade de conceptos e as discrepancias de interpretación. Ademais, simplifica o cálculo do prezo do servizo e o modula para adaptalo ós traballos que maioritariamente se tramitan na actualidade.

Tamén, coa Guía, xeneralizouse o trámite de Rexistro e custodia a todo tipo de traballos para que poida seguirse usando o coag-estudo como sistema de xestión documental de expedientes sen os custos dun visado e coas vantaxes de usar como arquivo o da propia entidade de dereito público.

Fronte os antigos Baremos e o anterior Manual, a Guía xurde como unha ferramenta informática (web e coag-estudo) que axuda ó colexiado a afrontar os seus traballos profesionais, orientándoo sobre os requisitos e responsabilidades legais, a tramitación na Administración, os contidos documentais e a obrigatoriedade ou non do seu visado.

Outro punto forte da Guía fronte o Manual é a súa capacidade de análise e adaptación ó devir do estado da profesión, tal e como se demostrou coas melloras implantadas desde outubro a decembro a instancias das propostas dos colexiados.

Coa Guía, conseguiuase baixar o prezo do visado obrigatorio ó tempo que se incrementa a eficacia na resolución dos traballos. Manténdose durante o ano 2016 a homoxeneidade na tramitación, a complexidade media por traballo foi de 89 ud.C co Manual fronte as 65 ud.C coa Guía e se ben na implantación o tempo medio de visado pasou de 2,76 a 3,42 días, no momento de facer este informe (abril 2017) son 2,18 días (descontando a tramitación das comunicacións de encomenda en tódolos cálculos).

A tramitación seguiu un ritmo parello ó 2015, polo que achégase só o listado dos traballos tramitados consonte a Guía durante o 2016, que da idea do novo sistema. O obxectivo é continuar nesta liña de aportar utilidade efectiva ó colexiado, obxectivar a supervisión e baixar o prezo de tramitación na medida do posible. Paralelamente á elaboración e implantación da Guía, comezouse a traballar en tres liñas de mellora do seu sistema de xestión, que é o coag-estudo:

- Migración a plataforma web
- Usabilidade
- Vinculación cos diversos recursos web, como son a normativa técnica, a guía de redacción e modelos de documentos técnicos, plataforma de consultas.

Traballos	Rexistro		Visado		TOTAL	
	Nº	Comp.	Nº	Comp.	Nº	Comp.
Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	4	40	9	225	13	265
Acta de replanteo ou inicio de obra	8	80	2	50	10	130
Anteproxecto			2	50	2	50
Certificación parcial de obra	10	100	30	740	40	840
Certificado final de obras			147	17.640	147	17.640
Certificado final de obras. Modificado			3	360	3	360
Certificado final de obras. Parcial			3	360	3	360
CFO obras suxeitas a legalización			9	960	9	960
Certificado para inscrición obra nova	4	40	25	575	29	615
Cese do/s Arquitecto/s			167	0	167	0
Comunicación de encomenda	782	0			782	0
Dilixencia (para tramitación CFO)			207	0	207	0
Documentación do control das obras	4	40			4	40
Documentación do seguimento da obra	412	4.120			412	4.120
Estado final de obras			179	4.579	179	4.579
Estatística da edificación	41	410	115	2.825	156	3.235



TI	Traballos	Registro		Visado		TOTAL	
		Nº	Comp.	Nº	Comp.	Nº	Comp.
	Estudos previos	1	10			1	10
	Expediente de legalización de obra en curso			73	11.916	73	11.916
	Expediente de legalización de obra terminada			56	6.720	56	6.720
	Liquidación final	7	70	13	325	20	395
	Oficio de dirección	53	530	409	10.125	462	10.665
	Outra doc. para o Libro do Edificio	1	10	4	100	5	110
	Outro	20	200	61	1.525	81	1.725
	Proxecto básico	11	110	92	8.797	103	8.907
	Proxecto de execución			956	187.069	956	187.069
	Solicitude do libro de incidencias	34	170			34	170
	Solicitude do libro de ordes e asistenciais	323	1.615			323	1.615
	Total	1.715	7.545	2.562	254.941	4.277	262.486
Ordinarias	Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS	3	30	16	400	19	430
	Acta de replanteo ou inicio de obra	2	20	3	75	5	95
	Anteproxecto			2	50	2	50
	CFO obras suxeitas a legalización	1	10	1	60	2	70
	Certificado final de obra	5	50	161	9.660	166	9.710
	Certificado para inscrición obra nova			1	25	1	25
	Comunicación de encomenda	333	0			333	0
	Documentación do control da obra	5	50			5	50
	Documentación do seguimento da obra	18	180			18	180
	Estado final de obra	2	20	28	550	30	570
	Estatística da edificación	11	110	26	650	37	760
	Expediente de legalización de obra en curso	1	10	23	2.096	24	2.106
	Expediente de legalización de obra terminada	1	10	25	1.818	26	1.828
	Liquidación final	1	10	7	175	8	185
	Oficio de dirección	22	220	132	3.300	154	3.520
	Outro	3	30	21	525	24	555
	Proxecto técnico	14	140	299	23.212	313	23.352
Solicitude do libro de incidencias	34	170			34	170	
Total	456	1.060	745	42.596	1.201	43.656	
Derrubas	Certificado final de obra			15	900	15	900
	Comunicación de encomenda	36	0			36	0
	Estatística da edificación	1	10	4	100	5	110
	Liquidación final			1	25	1	25
	Oficio de dirección	2	20	17	425	19	445
	Outro			1	25	1	25
	Proxecto de derruba			43	2.564	43	2.564
Total	39	30	81	4.039	120	4.069	
Urbanización	Acta de (ou inf. para) aprobación do PSS			1	25	1	25
	Certificación parcial de obra			1	25	1	25
	Certificado final de obra			2	120	2	120
	Comunicación de encomenda	9	0			9	0
	Oficio de dirección			2	50	2	50
	Proxecto de urbanización			9	945	9	945
	Solicitude do libro de incidencias	1	5			1	5
Total	10	5	15	1.165	25	1.170	
Planeam	Comunicación de encomenda	3	0			3	0
	Estudo de detalle			2	300	2	300
	Plan especial			1	150	1	150
	Total	3	0	3	450	6	450
Outros	Certificado de eficiencia enerxética	18	180	4	100	22	280
	Comunicación de encomenda	851	0			851	0
	Informe de avaliación de edificios (IAE)	54	540	9	225	63	765
	Informe de inspección técnica de edificios (ITE)	529	5.290	19	475	548	5.765
	Memoria de actividade	2	20	19	1.050	21	1.070
	Pericias	26	250	225	5.360	251	5.610



Traballos	Registro		Visado		TOTAL	
	Nº	Comp.	Nº	Comp.	Nº	Comp.
Proxecto parcial			10	495	10	495
Total	1.480	6.280	286	7.705	1.766	13.985
TOTAL	3.703	14.920	3.692	310.896	7.395	325.816

Normativa técnica e planeamento


Mensualmente, elaborouse e publicouse o informe de novidades de normativa técnica, planeamento e outra normativa de interese, actualizándose a web de normativa.

Están iniciados os traballos para mellorar o sistema de información de xeito que tanto a actualización como a comunicación sexa diaria. Colaborando co Decanato e Secretaría, elaboráronse os informes de suxestións ós diversos proxectos normativos, tanto de ámbito estatal (mediante o CSCAE) como autonómico.

Asesoramento

Segue a medrar o asesoramento mediante a plataforma web de consultas ó tempo que mellórase o tempo medio de contestación, que en ningún caso supera os dous días laborais. Dáse un incremento anómalo das consultas de visado de expedientes motivado polo cambio de sistema de tramitación, mais estase a recuperar o fluxo normal.

ano	2015	2015	2016	2016	-19.04.2017	-19.04.2017
ámbito	núm.	días medios	núm.	días medios	núm.	días medios
Edificación	404	1,97	514	1,62	166	1,27
Urbanismo	103	1,67	115	1,31	32	1,09
Visado (Gen)	337	1,60	416	1,05	120	0,91
Visado (Exp)	1.490	1,41	2.124	1,01	651	0,69
Total	2.330	1,55	3.167	1,13	969	0,83





ÁREA DE INFORMÁTICA

Introdución

A continuación descríbense esquematicamente os principais traballos realizados pola Área de Informática no ano 2016. Nesta exposición non se inclúen as tarefas de mantemento e soporte de sistemas ou aplicacións, así como as actividades de soporte e atención a áreas/usuarios internos.

Habilitación da participación por vía telemática nas Xuntas Xerais

En 2016 **púxose en funcionamento a plataforma para a participación por vía telemática nas Xuntas Xerais**, acorde ao regulamento estatutario aprobado.

Desde o punto de vista tecnolóxico, as características funcionais a implementar para habilitar a participación telemática nunha Xunta Xeral (seguimento en directo, intervención remoto, voto electrónico e recuento agregado en cada punto, compatibilidade coa participación e voto presencial/dual, delegación, garantías legais, etc.) fan que inda **non existan no mercado solucións a un custe asumible** que integren o seguimento, a intervención e o voto electrónico. Por este motivo, fíxose necesario desenvolver unha serie de aplicacións e mecanismos de coordinación entre as plataformas de seguimento/intervención e voto electrónico, previndo que estas poidan converxer en algún momento a curto/medio prazo.

As principais tarefas desenvolvidas foron:

- Participación na elaboración do **regulamento desde o punto de vista técnico**.
- Mecanismo automatizado para a **alta** na participación por vía telemática.
- Articulación do mecanismo de **delegación de voto en soporte electrónico** en compatibilidade coa delegación en soporte físico.
- Desenvolvemento da **aplicación de coordinación e articulación das plataformas de seguimento e voto electrónico**.
- Realización de **enquisas** aos participantes para a **mellora continua**.
- Elaboración de **guías e material de soporte e difusión**.

As catro Xuntas Xerais celebradas no ano 2016 tiveron habilitada a participación telemática. De forma agregada, **o 75% dos participantes totais fíxoos de forma telemática**.

Implantación da “Guía de Tramitación de Traballos Profesionais

O 7 de outubro de 2016 entrou en vigor a nova “Guía de Tramitación de Traballos Profesionais”, que supuxo unha serie de trocos importantes nas aplicacións e sistemas de xestión colexiais. A continuación relaciónanse os principais:

- Introducción de forma xeneralizada do novo **trámite de rexistro**, para aqueles traballos profesionais que o permiten.
- Introducción dun **novo catálogo de tipoloxías de traballos profesionais (tipo, traballo, tramitación municipal) e estruturas documentais**.
- Articulación de axentes principais e tipoloxía do expediente en base á **“Comunicación de Encomenda”**.
- Novo **mecanismo de cálculo** da complexidade e prezo de tramitación.
- Simplificación das **funcións de participación dos axentes** e vinculación detallada e automática coa sinatura electrónica dos traballos.
- Elaboración dunha **ferramenta web para a consulta esquemática** e navegable dos principais aspectos introducidos pola Guía de Tramitación. **Calculadora online** de complexidade e prezo de tramitación.
- **Documentación** de apoio: manuais, video-tutoriais,...
- Creación dunha **contorna de simulación** para valorar o impacto agregado dos trocos introducidos pola Guía de Tramitación.
- Articulación e materialización do **proceso automático de cálculo e devolución** aos colexiados das diferenzas entre a Guía provisional e a aprobada na Xunta Xeral de decembro (período desde o 7 de outubro ao 31 de decembro): cálculo, contabilización, envío ao banco,...
- Actualización e creación dos **cadros de indicadores de seguimento** e estatísticos relacionados.



Plataforma de concursos on-line

Desenvolveuse unha plataforma para posibilitar a realización de concursos en formato on-line, que inclúe como principais funcións:

- **Preinscrición, presentación da documentación, e visualización das propostas de forma telemática por parte dos concursantes**, atendendo á confidencialidade, anonimato e seguridade.
- **Valoración do xurado de forma telemática.**
- **Publicación automática** na web colexial dos gañadores e de **toda a documentación das propostas presentadas.**

O uso desta plataforma abarata, simplifica e axiliza de xeito substancial os procedementos de presentación e de avaliación por parte do xurado, e posibilita unha publicación áxil e transparente das propostas. Esta plataforma foi utilizada en 2016 para desenvolver integramente o “Concurso de proxectos para a selección dun elemento identificativo para os colexios da Xunta de Galicia”, fallado o 14 de xuño.

Plataforma de premios

Realizáronse melloras na plataforma on-line de presentación a premios de cara a **personalizar a información requirida en función da categoría** de presentación, así como na axuda e guía ao participante. A plataforma on-line de presentación a premios utilizouse con estas novas funcionalidades para os procesos de presentación aos XVII premios COAG e aos “Premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia”.

Auditoría de licencias e actualización do parque informático

O COAG foi obxecto durante 2016 dun **proceso de inspección e auditoría de licencias** de software.

Este tipo de procesos implican unha **considerable carga de traballo** de inventariado de documentación e comunicación coa empresa(s) inspectora(s) ata a completa verificación da situación, especialmente cando se presenta unha importante multiplicidade e diversidade de aplicacións e versións como a que ven dando e da soporte activo a todos os sistemas de información colexiais. Co obxecto de **evitar os importantes riscos económicos/legais** que se puidesen ter derivado, fíxose un especial seguimento deste procedemento de auditoría, que **se pechou por parte da inspección de forma satisfactoria** no mes de xullo de 2016, sen necesidade de ningún tipo de regularización.


Este proceso aproveitouse para realizar unha **actualización e axuste na práctica integridade do parque informático** colexial (“upgrade” de sistemas operativos, reinstalación, baixas, renovación de algún hardware,...).

Outros desenvolvementos e traballos

- Implementouse un novo mecanismo de xestión interno que permite unha **maior flexibilidade e capacidade de xestións das listas e bolsas de traballo**. Entre outras melloras, permítese aos organismos oficiais (xulgados, facenda,...) a consulta en tempo real dos datos das listas coa actualización de estado (alta/baixa) e datos de contacto.
- Elaboración do **modelo de datos vinculado á creación dunha aplicación** por parte da Xunta de Galicia para o inventariado dos centros educativos da Consellería de Educación, no contexto do convenio coa mesma.
- **Actualización de seguridade** nos sistemas de xestión colexiais correspondentes (autenticación web, pasarelas de pagamento,...) ao algoritmo criptográfico estándar SHA-2, substituíndo ao obsoleto SHA-1.

Resolución de consultas/atención ao colexiado

Resolvéronse un total de 1.031 consultas telemáticas no ámbito específico informático. Apréciase un maior número de consultas a comezo de ano (colexiación, remate da transición aos certificados dixitais de cidadá) e nos meses de implantación da nova Guía de Tramitación de Traballos Profesionais.





COMISIÓN DE CONCURSOS, FORMACIÓN, CULTURA E COMUNICACIÓN.

Estrutura

As Comisión de Concursos e Formación, e de Cultura e Comunicación ten como responsables a Fernando Tabertero Duque (Vogal) e Cristóbal Crespo González (Vogal A Coruña).

As principais liñas de traballo abordadas por esta comisión durante o exercicio 2.016 foron as seguintes:

I. SERVIZO DE FORMACIÓN:

Impulsose novamente a actividade formativa do Colexio a través de cursos propios, convenios con entidades externas de formación e organización de diferentes eventos e xornadas de contido técnico nas Delegacións.

Definíronse os criterios para a articulación dos contidos a abordar dentro das actividades formativas do COAG, establecéndose as seguintes modalidades:

Contido	Modalidade formativa
Materias que son inherentes e específicas da arquitectura e o seu ámbito competencial	CURSOS PROPIOS CURSOS PROPIOS EN COLABORACIÓN CON OUTROS ORGANISMOS
Materias que son transversais a outras disciplinas, pero que son demandadas polos colexiados por supoñer unha mellora na súa capacitación profesional (ferramentas informáticas, habilidades, etc.)	CONVENIOS CON ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA
Aspectos técnicos de gran especificidade relacionados coa aplicación e empleabilidade de materiais e produtos concretos vinculados ó sector da construción.	XORNADAS TÉCNICAS levadas a cabo por empresas do sector

Cursos propios

1.1. Formación destinada á actualización profesional

Cursos de duración breve en los que se abordan materias relacionadas con ámbitos concretos do exercicio profesional.

En 2016 desenvolvéronse 7 cursos sobre diversas materias de actualidade en diferentes ámbitos da profesión, entre eles:

- Inspección técnica de edificios e as súas instalación.
- Demanda e consumo enerxético en edificación.
- Lei 13/2015 de reforma da lei hipotecaria e Lei do catastro inmobiliario.
- Revit.
- Ditame pericial.
- Ferramentas do estándar Passivhaus.

En total, neste tipo de accións formativas participaron un total de **240 alumnos diferentes**, parte dos cales nos trasladaron, a través das enquisas de satisfacción que se lles fixeron chegar a súa valoración, en xeral positiva, sobre as mesmas.

1.2. Formación especializada

No ano 2016 o COAG puxo en marcha o Curso de Urbanismo para arquitectos e outros técnicos ao servizo da Administración, no marco do convenio de colaboración suscrito coa EGAP, mantendo os obxectivos xa definidos o ano anterior co Curso Superior de Urbanismo de acercar a formación especializada no ámbito de urbanismo aos colexiados . Así, ofreceuse un prezo moi vantaxoso para colexiados (33% de desconto sobre matrícula ordinaria) e levou a cabo unha importante actualización dos contidos do curso.

Total alumnos matriculados: **50**



De entre eles, un 72% son arquitectos

Ademais, un total de 24 alumnos non puideron dispor de praza, quedando na lista de espera.

1. CONVENIOS CON ENTIDADES DE FORMACIÓN EXTERNA:

Aínda que o Colexio velou pola formación dos seus colexiados a través do deseño e impartición de accións formativas encamiñadas a mellorar a súa capacitación nas diferentes áreas da edificación e o urbanismo, preténdese incrementar o campo de actuación dos colexiados no ámbito das ferramentas informáticas e outras habilidades que, sendo transversais a outras disciplinas, complementan o ámbito competencial directo dos arquitectos, contribúen a mellorar a súa empleabilidade de cara a desenvolver a súa actividade en estudos e empresas.

Os convenios con entidades de formación externa teñen por obxecto, por tanto, facilitar aos colexiados poidan complementar a súa formación con aqueles contidos que, aínda que por non se inclúen dentro do plan de formación do COAG por facer referencia a materias que non son específicas do noso ámbito competencial, si se entende que resultan de interese para os colexiados por mellorar a súa capacitación profesional.

En 2016, mantívose o marco regulador común que unifica as porcentaxes de desconto mínimos que deben aplicarse aos colexiados do COAG sobre os importes de matrícula ordinarios correspondentes a cada unha das accións formativas.

Subscríbense convenios coas seguintes entidades:

- AulaDomus
- Ara Negocios
- Geasic
- Iscarnet

E nas condicións establecidas no convenio marco, se conveniaron accións formativas puntuais coas seguintes entidades:

- Imasgal
- Atinne

2. XORNADAS TÉCNICAS:

Sesións informativas levadas a cabo por empresas especializadas do sector. Aínda que teñen unha finalidade comercial, as xornadas técnicas organizadas no COAG impártense sempre dende un formato docente, no que a presentación dos produtos se fundamente nun contido técnico relacionado con esixencias xerais da normativa da edificación e impartidas por técnicos competentes.

Durante 2016, no COAG celebráronse ao redor de 20 xornadas técnicas, a cargo de diferentes empresas, ás que asistiron máis de 600 persoas

Servizo de biblioteca, documentación e prensa.

No ano 2016, e por motivos organizativos e de xestión, finalizouse o traslado da Biblioteca do Colexio, ubicada anteriormente na Sede Colexial, en Santiago de Compostela, á Delegación de Lugo.

Cultura

O luns 3 de outubro celebrouse o **Día Mundial da Arquitectura**, que nesta edición tivo como lema “Deseñar un futuro mellor”, de acordo á convocatoria anual que fai a Unión Internacional de Arquitectos (UIA), organización que representa a 1,3 millóns de arquitectos de todo o mundo. Fronte a un maior número de desafíos mundiais, o papel da arquitectura, do urbanismo e da concepción arquitectónica é cada vez máis decisivo na construción dun futuro mellor.



O Colexio de Arquitectos de Galicia, a través das súas sete Delegacións, organizou unha serie de actividades co obxectivo de levar aos cidadáns esta celebración, invitándoos a participar nos actos que se celebraron en cada unha das cidades.

Alén diso, cada unha das delegacións complementou a semana con actividades diversas.

Convocatoria dos XVII Premios COAG de Arquitectura

O 16 de novembro de 2016 convocouse a décimo sétima edición dos Premios de Arquitectura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

A convocatoria publicouse na [circular colexial nº 33](#), de 16 de novembro.

As propostas presentáronse en soporte integramente dixital, a través da plataforma web habilitada ao efecto, na que se realizaron unha serie de melloras en relación á edición anterior.

O resumo final de propostas admitidas por categoría foi o seguinte:

Categoría	Propostas
Arquitectura Novel	4
Arquitecturas Efémeras	5
Baixo Custo	10
Deseño Urbano / Espazos Abertos	21
Divulgación e Investigación	7
Equipamentos	14
Obras de Reforma e Interiorismo	54
Proxecto Fin de Carreira	2
Rehabilitación	22
Vivenda	19
Total propostas presentadas	158

Concursos, Convenios e comunicación

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é procurar o perfeccionamento da actividade profesional dos arquitectos, así como realizar as prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que se consideren oportunas, ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei. Todo iso segundo establécese en:

- O texto consolidado da Lei estatal 2/1974 estatal de 13 do febreiro sobre Colexios profesionais, e da Lei 11/2010 autonómica de 18 do setembro, e
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 293/1999.

Así nesta liña de actuación, con coñecemento do Decanato e da Secretaría colexial, así como co propio saber a través de xunta de goberno colexial, dos responsables desta área, que tralas eleccións de 12 do maio de 2015, ademais de Cristóbal Crespo González (vocal da Coruña) que xa viña exercendo como tal, sumóuselle Fernando Taberner Duque (vocal libre), realizáronse as seguintes actuacións:

A. ÁMBITO DE CONCURSOS

Neste exercicio realizáronse as seguintes accións:

- Velar pola transparencia dos concursos convocados polas diferentes Administracións.
- Seguimento dos concursos que obran na plataforma de concursos públicos do CSCAE, sobre os cales o COAG ten establecido convenio para ofrecelo baixo subscripción aos seus colexiados.
- Redacción dos pregos das bases para o concurso nivel de anteprojecto, para a remodelación da praza de armas do concello de Ferrol.
- Redacción dun primeiro borrador de prego bases para a convocatoria dun concurso de ideas na contorna da igrexa de santa María a Maior en Verín, que aínda non foi convocado.
- Redacción do convenio e pregos do concurso de proxectos para a selección dun elemento identificativo para os colexios da Xunta de Galicia.



- Redacción do convenio e pregos do concurso para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia
- Revisión dos pregos de bases, a instancia dos dos SSTT da Universidade de Santiago, para a convocatoria dun concurso de anteprojectos de novo edificio da facultade de medicina
- Revisión do convenio e dos pregos de bases para a convocatoria do concurso para a nova cidade da xustiza de Vigo.
 - Colaboreuse coa Xunta de Galicia na convocatoria dos premios de arquitectura e rehabilitación da Comunidade Autónoma de Galicia convocados por esta. O efecto segundo o acordo da XG nº 5 de 3 de maio, logo das correspondentes circulares colexiais, abriuse un procedemento previo para que os colexiados que estiveran interesados en participar puideran presentar as súas obras a ditos premios, coa finalidade de que posteriormente, a Xunta de goberno colexial, fixera a revisión e selección previa por cada categoría, e elevadas como propostas do COAG ás deliberacións do xurado do concurso como propostas que optasen os diferentes premios. Na condición do COAG como membro do xurado destes premios, designouse ao Decano como representante do mesmo.

Por outra parte, se procedeu ás seguintes designacións para formar parte de xurados dos seguintes concursos:

Concurso de proxectos con intervención de xurado para as obras de restauración e musealización dos xacementos Galaico-Romanos na provincia de Pontevedra. **Convoca:** Subdirección Xeral de Arquitectura e Edificación do Ministerio de Fomento. **Representantes do Colexio:** Covadonga Carrasco López (titular) e Elvira Carregado Pazos (suplente) **Xunta de Goberno:** 4/2016 de 7 de abril.

Concurso de ideas con intervención de xurado para novas dependencias da área de Seguridade e Mobilidade do Concello de A Coruña. **Convoca:** Concello de A Coruña. **Representante do Colexio:** Alfredo Freixedo Alemparte. **Xunta de Goberno:** 4/2016 de 7 de abril.

Concurso de proxectos para a selección do anteprojecto do complexo dotacional de edificios de ciencias da saúde da Universidade de Santiago. **Convoca:** Universidade de Santiago. **Representante do Colexio:** Decano. **Xunta de Goberno:** 5/2016 de 3 de maio.

Concurso-oposición para a selección dunha praza de arquitecto interino no concello de Lalín. **Convoca:** Concello de Lalín. **Representantes do Colexio:** Elvira Carregado Pazos e Gloria Trigo Mayor. **Xunta de Goberno:** 5/2016 de 3 de maio.

Concurso a convocar para a construción dun edificio para Sede institucional e de I+D da Universidade de Vigo a desenvolver no Casco Vello de Vigo. **Convoca:** Universidade de Vigo. **Representante do Colexio:** decano. **Xunta de Goberno:** 6/2016 de 12 de maio.

Concurso de ideas con intervención de xurado para a transformación da actual estación de autobuses de Santiago de Compostela nun edificio administrativo. **Convoca:** Consellería de Infraestruturas e Vivenda. **Representantes do Colexio:** Antonio Maroño Cal (titular) e Santiago García Suárez (suplente). **Xunta de Goberno:** 7/2016 de 26 de maio.

Concurso de proxectos con intervención de xurado para a selección das propostas arquitectónicas que sirvan de base para a redacción de proxectos de actuacións de interese cultural no Camiño francés a Santiago de Compostela ao seu paso por determinados municipios das provincias de A Coruña e Lugo. **Convoca:** Dirección Xeral de Arquitectura, Vivienda y Suelo. Ministerio de Fomento. **Representantes do Colexio:** Manuel Seoane Feijoo (titular) José María Alonso Montero (suplente). **Xunta de Goberno:** 7/2016 de 26 de maio.

Concurso de proxectos para a selección dun elemento identificativo para os centros públicos de ensino da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. **Convoca:** Xunta de Galicia. **Representantes do Colexio:** Felipe Peña Pereda (arquitecto de recoñecido prestixio) e Cristóbal Crespo González (representante Xunta de Goberno). **Xunta de Goberno:** 7/2016 de 26 de maio.

Concurso de ideas con intervención de xurado para adaptación do complexo do antigo Hospital Xeral como futura Cidade da Xustiza de Vigo. **Convoca:** Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia. **Representantes do Colexio:** Antonio Maroño Cal (Titular 1) Elvira Carregado Pazos (suplente 1) María Concepción Cameselle Sola (titular 2) Beatriz Hermida Calviño (suplente 2) Pablo Menéndez Paz (titular 3) Javier Antonio Franco Rabuñal (suplente 3). **Xunta de Goberno:** 8/2016 de 9 de xuño.

Polo que fai ás reclamacións contra concursos, presentáronse os seguintes recursos:

Contratación do servizo de "Redacción do proxecto básico, de execución e dirección de obra compartida 50% para o plan de mellora urbanística do Polígono de Bouzas Exp. SER/16/00107". **Destinatario:** Comité Executivo do Consorcio Zona Franca de Vigo. **Motivo:** Impugnación dos pregos de condicións. **Data:** 30/06/2016.



Licitación de contrato de servizos de redacción del Plan Especial de Punta Langosteira. **Destinatario:** Autoridade Portuaria de A Coruña. **Motivo:** Reclamación previa á vía xudicial civil. **Data:** 30/06/2016.

Licitación para contratación para redacción do proxecto básico e de execución das obras de rehabilitación integral do edificio administrativo na Rúa Benito Corbal de Pontevedra: **Destinatario:** Consellería de Infraestruturas e Vivenda. **Motivo:** Recurso potestativo de reposición. **Data:** 21/07/2016.

Convocatoria para a selección dun técnico medio de urbanismo en réxime de funcionario interino. **Destinatario:** Concello de Vila de Cruces. **Motivo:** Recurso de reposición contra as bases e a convocatoria. **Data:** 23/09/2016.

Licitación do INORDE-OURENSE para a redacción do Plan Parcial de Pontedeva. **Destinatario:** INORDE-Deputación de Ourense. **Motivo:** Recurso de alzada. **Data:** 21/12/2016.

Licitación do INORDE-OURENSE para a redacción do Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial de Oimbra. **Destinatario:** INORDE-Deputación de Ourense. **Motivo:** Recurso de alzada. **Data:** 21/12/2016.

B. AMBITO DE CONVENIOS

Realizáronse as seguintes propostas de Convenio fora dos específicos para a convocatoria de concursos, xunto coa asesoría xurídica colexial:

- Borrador do Convenio entre o COAG e a Ordem dos Arquitectos de Portugal. Norte, para a celebración para a realización de xornadas internacionais de arquitectura Portugal-Galicia.
- Preparación da documentación para optar o Plan da Deputación de Pontevedra, para optar a convocatoria da practica laboral de empresas.
- Preparación da documentación para que a constitución do COAG como Entidade de Mediación EMCOAG.

C. AMBITO DE COMUNICACIÓN

Desde o mes de agosto do ano anterior, no que restableceuse a confección e posterior envío aos colexiados que estean de alta no servizo de colexiación de normativa, do informe daquela normativa de interese para a profesión, publicada diariamente no D.O. de Galicia, no B.O.E. e nos BOP's provinciais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Así no ano 2016, se realizaron as seguintes comunicacións os colexiados adscritos a este servizo colexial, nas seguintes datas:

- Xaneiro de 2016: comunicado o 02/02
- Febreiro de 2016: comunicado o 01/03
- Marzo de 2016: comunicado o 31/03
- Abril de 2016: comunicado o 02/05
- Maio de 2016: comunicado o 31/05
- Xuño de 2016: comunicado o 30/06
- Xullo de 2016: comunicado o 01/08
- Agosto de 2016: comunicado o 01/09
- Setembro de 2016: comunicado o 30/09
- Outubro de 2016: comunicado o 31/10
- Novembro de 2016: comunicado o 01/12
- Decembro de 2016: comunicado o 05/01/2017

Todos os informes obran no seguinte enlace da web colexial: <http://www.coag.gal/normativa/gl/default.asp>

Entre outras, no ano 2016, destaca a publicación da lexislación seguinte, contida nos anteriores informes:

A. NORMATIVA DE ÁMBITO SECTORIAL

- LEGISLACIÓN DO SOLO
 - Lei 2/2016, do 10 de febreiro da Presidencia de Galicia, do solo de Galicia. DOG 19/02/2016 (en galego) (en castelán)
 - DECRETO 143/2016 da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. DOG 09/11/2016



- LEI da Presidencia da Xunta de Galicia 14/2016, do 27 de xullo, pola que se modifica a Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo. DOG 01/08/2016
- PAISAXES DE GALICIA
DECRETO 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o catálogo das paisaxes de Galicia. DOG 25/08/2016
- PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA
Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (publicada antes no DOG do 16/05/2016). BOE 18/06/2016. CORRECCIÓN de erros. DOG 22/09/2016
- MONTES DE GALICIA
DECRETO da Consellería do Medio rural do 32/2016, do 23 de marzo, polo que se modifica o Decreto 52/2014, do 16 de abril, polo que se regulan as instrucións xerais de ordenación e de xestión de montes de Galicia. DOG 04/04/2016
- ESTRADAS DE GALICIA
DECRETO da Consellería de Infraestruturas e Vivenda 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. DOG 20/06/2016. CORRECCIÓN de erros DOG 03/08/2016
- PLAN ESTATAL DE VIVENDA
Real Decreto do Ministerio de Fomento nº 637/2016, do 9 de decembro, polo que se prorroga o Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016 regulado polo Real Decreto 233/2013, de 5 de abril. BOE 10/12/2016

B. NORMATIVA TÉCNICA

- REGULAMENTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS
DECRETO 144/2016 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos. DOG 09/11/2016
- ESTABLECIMIENTOS HOTELEROS
- ORDENACIÓN HOTELEIRA. Decreto da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza 57/2016, do 12 de maio, polo que se establece a ordenación dos establecementos hoteleiros. DOG 01/06/2016. CORRECCIÓN de erros DOG 01/08/2016
- ALBERGUES TURÍSTICOS DE GALICIA Decreto 48/2016, do 21 de abril, polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos. DOG 04/05/2016
- RECEPCIÓN DE CEMENTOS
Nova Instrución de Recepción de Cementos RC 16. Real Decreto 256/2016, de 10 do Xuño, pola que se aproba a Instrución para a recepción de cementos (RC-16), que troca a RC-08. BOE 25/06/2016
- INFRAESTRUTURAS DO FOGAR DIXITAL
DECRETO da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción. DOG 28/09/2016
- DECLARADAS INCONSTITUCIONAIS CERTO ARTICULADO ESTATAL QUE REGULA OS INFORMES TÉCNICOS DA EDIFICACIÓN (IEE)
 - Sentenza 5/2016, do 21 de xaneiro de 2016. BOE 22/02/2016 e BOE 16/03/2016
- CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA DE EDIFICIOS EN GALICIA
 - DECRETO da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza 128/2016, do 25 de agosto, polo que se regula a certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia. DOG 29/09/2016
 - RESOLUCIÓN do Instituto Enerxético de Galicia do 10 de outubro de 2016 pola que se aproban os modelos de comunicación para a inscrición dos certificados de eficiencia enerxética dos edificios no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia. DOG 19/10/2016
- ACTUALIZACIÓN DE FERRAMENTAS DO CTE



- HULC. NOVA VERSIÓN. Nova versión HULC. versión 1.0.1528.1109 (fecha de actualización 12 de Xullo de 2016)
- DB SI/4 DO CTE Novo Documento de Apoio DA DB-SI/4. Se clarifican as condicións que deben reunir a saída do edificio e o espazo exterior seguro conforme no DB SI.
- DB SUA/2 DO CTE. Actualización do Documento de Apoio DA DB-SUA/2 Adecuación efectiva das condicións de accesibilidade en edificios existentes.
- VISOR CTE_XML. Actualización da aplicación VISOR CTE_XML
- LIDER CALENER. Nova versión actualizada da ferramenta unificada LIDER-CALENER.
- MEDIOS DE COMPROBACIÓN DOS VALORES DE BENS INMOBLES EN GALICIA
ORDE do 26 de decembro de 2016 pola que se modifica a Orde do 28 de decembro de 2015. DOG 28/12/2016

C. OUTRAS DE INTERESE

- ESTATUTOS DO COAG
DECRETO 105/2016, de 21 de xullo, polo que se aproban os Estatutos do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. DOG 12/08/16
- CONVENIO COLECTIVO DO COAG
RESOLUCIÓN do 5 de agosto de 2016, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do Convenio colectivo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia 2016-2019. DOG 30/08/16

Ademais, neste ano no mes de abril, procedeuse á ACTUALIZACIÓN DAS FICHAS DA IUM (información urbanística municipal), as cales recompilan información dos 315 municipios das 4 provincias galegas, actualizado os datos anteriores dispoñibles de abril de 2011, referente o planeamento vixente, en tramitación, dos seus técnicos municipais, así como datos xerais do mesmo en cada un dos municipios de Galicia.

Tamén neste ano, comunicouse os colexiados con alta neste servizo, un resumo das seguinte normativa reflectidas anteriormente:

- Informe Lei 2_2016 do Solo de Galicia
- Informe Decreto 143_2016_Regulamento LSG Galicia
- Informe Decreto 144_2016_Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos de Galicia
- Informe Decreto 127_2016 Fogar Dixital en Galicia
- Informe Decreto 57/2016 de ordenación dos establecementos hoteleiros de Galicia
- Informe relativo á consideración de "axustes razoables en materia de accesibilidade", en edificios existentes, a realizar antes de 4 de decembro de 2017
- Informe relativo á aplicación do DB-HE en edificios existentes. sección HE1.
- Informe Decreto 128_2016_Certificación enerxética de edificios na Comunidade Autónoma de Galicia.



COMISIÓN DE URBANISMO, TERRITORIO, ADMINISTRACIÓN LOCAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Composición:

Vogais responsable de Xunta de Goberno: Elvira Carregado Pazos e Beatriz Hermida Calviño
Responsable de apoio do COAG : Cristina López Eimil, arquitecta de visado.

Anteproxecto do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia

No mes de marzo de 2016 publícase o Anteproxecto do decreto do Regulamento da lei 2/2016 do Solo de Galicia para trámite de información pública.

As Comisións de Urbanismo e planeamento das Delegacións inician as reunións de traballo para a revisión de dito anteproxecto, co obxecto de redactar documento de alegacións e suxestións para remitir como aportación do COAG ao organismo correspondente nos prazos marcados.

Celebráronse reunións nas Delegacións do COAG cos responsables de cada Delegación e en Sede con algúns deles e compañeiros de recoñecido prestixio, despois do arduo traballo por parte dos arquitectos e arquitectas participantes en todo o ámbito colexial, dado o escaso prazo existente para realizar o estudo e a extensión e complexidade do documento, redactase o texto de COMENTARIOS, SUXERENCIAS E ALEGACIONES DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA AO ANTEPROXECTO DE DECRETO DO REGULAMENTO DA LEI 2/2016, DO 10 DE FEBREIRO, DO SOLO DE GALICIA que é remitido á Consellería en data 22/03/17.

Catálogos da Paisaxe

Co motivo da publicación da Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de 4 de febreiro de 2016, pola que se somete a información pública o Catálogo das Paisaxes de Galicia, convócanse e celébranse reunións nas delegacións no mes de marzo, para o seu estudo e presentación de suxestións.

Con data 15 de marzo celebriase xornada de traballo en Santiago, sendo o poñente Augusto Pérez Alberti (Catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela. Membro da Asociación de Xeógrafos Españóis e da Sociedade Española de Xeomorfoloxía, fundador e primeiro presidente da Sociedade Galega de Xeografía) asistindo responsables da Comisión E representantes de todas as delegacións do COAG. Celebriase unha segunda xornada, en data 6 de abril na que a poñente é Cristina García Fontán, (Doutora pola Universidade de A Coruña na especialidade de Urbanismo, Profesora do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade de A Coruña. Impartindo clases de diversas materias no título de arquitecto, no Máster en Urbanismo e no Máster en Arquitectura da Paisaxe.)

En data 13 de abril 2016 enviase á Directora do Instituto de Estudos do Territorio de la Xunta de Galicia documento de alegacións do Colexio Oficial de Arquitectos a dito Catálogo das Paisaxes de Galicia, dentro do período de exposición pública. O referido documento recolle as suxestións xerais do COAG, incorporando ademais os documentos elaborados polos grupos de traballo configurados a tal efecto nas Delegacións.

En contestación a dito escrito de alegacións, no mes de xuño pasado o Instituto de Estudos do Territorio remitiu un escrito agradecendo a súa remisión e dando contestacións ás suxestións expostas polo COAG.

Directrices da Paisaxe

O 04 de abril de 2016 e como se fixera –entre setembro e novembro de 2015- para a elaboración do Catálogo das Paisaxes de Galicia, dende o IET informan sobre o proceso de participación cidadán para a elaboración das Directrices de Paisaxe de Galicia e convocan ao COAG a un obradoiro de participación na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) a celebrar o mércores 6 de abril.

Trátase dun taller destinado especificamente ás organizacións e sectores profesionais máis vinculados á xestión da paisaxe e, consecuentemente, nos que terán unha maior repercusión as Directrices de Paisaxe. O obxectivo fundamental do taller é recoller a opinión dos diferentes sectores profesionais sobre a xestión actual da paisaxe no seu ámbito e as posibilidades de mellora da mesma.



Dita reunión celebrouse o xoves 7 de abril con asistencia das responsables da Comisión por parte do COAG. Por parte do IET comprométese a crear un GRUPO DE TRABALLO, cun representante-interlocutor por cada un dos sectores profesionais representados no taller.

Concurso para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia.

O xoves 21 de xuño o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, en virtude do convenio de colaboración suscrito co Instituto de Estudos do Territorio, convoca o “Concurso para o desenvolvemento dunha guía de cor e materiais nas doce grandes áreas paisaxísticas do catálogo das paisaxes de Galicia”.

Reúnese o xurado nos locais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en Santiago de Compostela o día 12 de xullo de 2016 de acordo ao disposto na cláusula segunda do Convenio Este está constituído en representación do COAG por Antonio Maroño Cal, decano do COAG, Elvira Carregado Pazos, vogal da Xunta de Goberno do COAG, Presidenta da comisión colexial de urbanismo, territorio, administración local e función pública do COAG e Alfonso Díaz Revilla, arquitecto designado polo COAG, en calidade de experto en deseño urbano. Polo Instituto de Estudos do Territorio, Inés Santé Riveira, directora do IET, Alfredo Fernández Ríos, director do Departamento técnico de Estudos do IET, en calidade de experto en paisaxe e José Luís Álvarez Vicente, Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe do IET, en calidade de experto en urbanismo, así como M^a Elena Nimo Mayo, xefa do Servizo de Xestión do IET, como secretaria do xurado.

Seleccionáronse 6 equipos, os traballos se realizaron cun seguimento do COAG e IET nos seguintes meses entregándose e enviándose en decembro de 2016 á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que recibiu o traballo elaborado. A directora do Instituto de Estudos do Territorio, Inés Santé, mantivo un encontro co decano do COAG no que se indicou que a partir de ese momento IET analizaría a totalidade dos documentos para integralos no seu proxecto de protección da paisaxe.

Planeamento urbanístico: información

Mensualmente publícase información na web colexial que inclúe relación do planeamento urbanístico aprobado definitivamente e aprobado inicialmente, segundo consta no Diario Oficial de Galicia, DOG e nos Boletíns Oficiais da A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, incluíndo os Plans con trámite de Avaliación Ambiental Estratéxica aberta, publicados na web da Xunta de Galicia.

Hai mulleres

Aínda que esta actividade non se enmarca no ámbito estrito da comisión, a vogal responsable é, xunto a un grupo de compañeiras, impulsora de esta, polo que paso a describila minimamente.

En febreiro del 2016 creouse un espazo na rede, con perfís de redes sociais, para compartir experiencias de igualdade demostrando que é posible ou de desigualdade censurando. Iniciouse cunha campaña aproveitando a celebración do día da muller traballadora, dende o de febreiro ata 8 de marzo as compañeiras e compañeiros que así o desexaron, puideron aportar o seu “graniño de area” que foi publicado durante o mes de febreiro. O propio 8 de marzo realizouse a campaña mans pola igualdade.

A campaña continuou todo o mes de marzo e os perfís de Hai Mulleres seguen visibilizando día a día.

Xurado de expropiación

Dende maio de 2016 os representantes do COAG no Xurado de Expropiación de Galicia son José Manuel Alonso Velasco en substitución de Roberto Caride, continuando como suplente Alberto de Paula.

Os dous arquitectos foron nomeados pola Xunta de Goberno do COAG na sesión 3/2016, como representantes do mesmo perante o Xurado de Expropiación de Galicia, en cumprimento do establecido no Real Decreto Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo (en diante TRLS). O nomeamento foi publicado no DOG n^o84 de data 3 de maio de 2016.

Desde o seu nomeamento ambos os arquitectos participaron nas reunións que se celebran con periodicidade semanal na sede do Xurado de Expropiación en Santiago de Compostela, asistindo á Sección 1 na que se analizan e propoñen os criterios de valoración de fincas expropiadas que tivesen a consideración de situación básica urbanizada e asisten



tamén aos Plenos do XEG nos que se toman os acordos en relación ás propostas formuladas desde as distintas seccións de valoración. No ano 2016 tramitáronse un total de 1.512 expedientes de valoración.

Co novo Regulamento da Lei do Solo de Galicia aprobado o 9 decembro 2016 modifícase o artigo 4º do Regulamento de organización e funcionamento do Xurado de Expropiación de Galicia. A modificación afecta á definición dos vogais profesionais libres colexiados que formarán parte do Xurado, simplificando o contido do apartado correspondente.

O antigo regulamento, vixente desde Agosto de 2005, recollía no seu apartado 4.2.f. a composición do Xurado de expropiación no referente a os vogais non funcionarios.

Artigo 4.2. Vogais:

f) Tres profesionais libres colexiados con acreditada competencia nas materias propias do ámbito competencial do xurado, en representación dos colexios profesionais de Galicia, designados polos seus presidentes.

O vogal en representación dos colexios profesionais será un enxeñeiro agrónomo, se se trata de leiras rústicas; un enxeñeiro de camiños, canles e portos, cando se trate de aproveitamentos hidráulicos ou outros bens propios da súa especialidade; un enxeñeiro de montes, cando o principal aproveitamento da leira expropiada sexa forestal; un enxeñeiro de minas, nos casos de expropiación de dereitos mineiros; un arquitecto superior cando a expropiación afecte a leiras urbanas; un enxeñeiro industrial, cando se trate de industrias en xeral; un economista cando a expropiación recaia sobre valores mobiliarios. Análogo criterio de especialidade seguirase cando se trate de bens ou dereitos distintos dos indicados.

Coa aprobación do regulamento da lei do Solo de Decembro de 2016 o artigo queda redactado da seguinte forma:

Artigo 4.2. Vogais:

f) Tres profesionais libres colexiados/as competentes na materia, en representación dos colexios profesionais, dependendo da natureza dos bens ou dereitos obxecto da expropiación.

A finais do mes de Decembro de 2016 cesou por decisión propia o Presidente do XEG D. Juan Carlos Argüello Fernández, sendo substituído no cargo por Dona Patricia Ulloa Alonso.

Da asistencia ás distintas convocatorias do XEG, compre realizar unha serie de consideracións para dar conta ao COAG do actuado:

O procedemento de revisión e proposta de valoración das fincas expropiadas realízase sobre un excelente traballo previo realizado polos facultativos do XEG, dous arquitectos e un enxeñeiro agrónomo, que teñen un amplo coñecemento tanto normativo como técnico, que non se cingue unicamente ás valoracións senón a un amplo espectro da normativa urbanística galega e á súa realidade construída, e que realizan o seu traballo coa imparcialidade e obxectividade que se lle esixe ao órgano.

Os representantes do COAG asisten ás reunións da Sección de valoración das pezas que os vogais permanentes do XEG consideran que se atopan en situación básica de urbanizado de acordo ao TRLS. Nesas reunións os vogais permanentes do XEG mostran aos distintos vogais non permanentes, o representante do COAG e o representante da FEGAMP, as súas propostas de valoración para validar a súa conformidade e elevar a proposta de valoración ao correspondente acordo do Pleno do XEG.

Os arquitectos que representan ao COAG fan aportacións ás distintas valoracións realizadas na sección, sendo a maioría delas aceptadas, tanto polos facultativos do XEG como polo representante da FEGAMP.

A maioría das indicacións realizadas por estes representantes se cinguen ao axuste dos custes de construción que se teñen en conta nas valoracións, na definición do ámbito espacial homoxéneo nos solos aos que o planeamento non lle adxudicou aproveitamento, aos valores en venda dos produtos inmobiliarios en función das distintas zonas do territorio galego ou a interpretación das distintas figuras de planeamento municipal ou das súas ordenanzas. Neste



sentido se manteñen debates abertos cos membros do XEG sobre as anteriores cuestións para a fixación de mellores criterios e o seu traslado aos axentes que participan no proceso expropiatorio.

Da asistencia a estas reunións, as achegas realizadas polos distintos membros do xurado e da análise da documentación existente nos distintos expedientes pódense extraer as seguintes recomendacións para a mellora dos servizos que o COAG presta á Administración:

Reitérase o xa exposto no anterior informe emitido, sobre a necesidade de formación en valoracións no procedemento expropiatorio, tanto dos técnicos municipais como dos técnicos que realizan esta tarefa de xeito externo á administración.

Sería recomendable a incorporación ao programa de formación do COAG de cursos específicos na materia.

Se observa unha falta de motivación das descrições nas valoracións expropiatorias, sendo recomendable a interlocución coas distintas administracións cara a esixencia da presenza de arquitectos nos grupos de traballo das empresas redactoras de este tipo de instrumentos expropiatorios, contando cun maior coñecemento do planeamento e da Lei reguladora do solo e do instrumento expropiatorio o que incide nunha maior formación e especialización.

Faise notoria a escasa información sobre a realidade física previa ao comezo das obras que se acompaña aos expedientes expropiatorios. Moitas actas previas á ocupación que están a chegar ó XEG carecen de datos importantes que facilitarían a realización dunha valoración axeitada. Sería recomendable a elaboración, coordinación e difusión entre os Colexios Profesionais dun modelo de acta previa de ocupación cos datos e documentación que debería constar.

En A Coruña, a 30 de marzo de 2017.

José Manuel Alonso Velasco

Alberto de Paula Prieto.



RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

A 31 de decembro de 2016 o capital humano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia componse de 20 traballadores en plantilla. Dos cales 1 corresponde a persoal de limpeza, polo que os 19 restantes desenvolven toda a actividade e prestan os servizos que a organización ofrece.

Durante este exercicio non se produciron baixas de empregados.

O 1 de xaneiro de 2016 entrou en vigor o novo convenio colectivo do COAG.

Conforme ao anterior, a 31 de decembro de 2016 o persoal distribúese segundo o seguinte gráfico:





Persoal por centro de traballo e área_31/12/2016

OFICINAS CENTRAIS	8
José Luis Baltasar Hormigos	Área de Secretaría (1)
María Esperanza Malvido Pose	Área de Asesoría Xurídica (1)
José Manuel Torres Ferreiro Manuel Ángel da Cruz Blanco Manuel Dapena Sieiro	Área de Informática (3)
Rocío Lamas Pérez-Cepeda	Área Técnica (1)
María Teresa Cambón Cundíns Mikel Capeáns Pensado	Área de Finanzas (2)

DELEGACIÓN DE A CORUÑA	3
Antonio Freire Romero Pedro Díaz Sanjurjo	Área Técnica
María del Carmen Pérez Ponte	Limpieza

DELEGACIÓN DE LUGO	2
Cristina López Eimil Álvaro Sánchez Rábade	Área Técnica

DELEGACIÓN DE OURENSE	1
Manuela Rodríguez Ojea	Área Técnica

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA	2
Julia Chamosa Martín	Área Técnica
Alberto Escobar Molinero	Deontoloxía

DELEGACIÓN DE VIGO	2
Anxo de la Puente Fernández	Área Técnica
Esther Hernández Pérez	

DELEGACIÓN DE SANTIAGO	1
Enrique Urdiales de Santiago	Área Técnica

DELEGACIÓN DE FERROL	1
Eduardo Alonso Lois	Área Técnica



RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Retribución anual fixa.

Durante o ano 2016 seguíronse aplicando as mesmas retribucións para os membros de Xunta de Goberno / Xuntas Directivas:

- O Decano, Secretario e Tesoureiro da Xunta de Goberno tiveron una retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Decano	24.000,00 €
Secretario	17.000,00 €
Tesoureiro	17.000,00 €
Total	58.000,00 €

- Os 5 vogais de Xunta de Goberno terán unha retribución fixa anual que ascende a:

Cargo	Retribución
Vogal	6.600,00 €
Total 5 vogais	33.000,00 €

- As Xuntas Directivas terán unha retribución conxunta e fixa anual de:

Delegación	Retribución
Xunta Directiva A Coruña	22.000,00 €
Xunta Directiva Lugo	19.000,00 €
Xunta Directiva Ourense	19.000,00 €
Xunta Directiva Pontevedra	19.000,00 €
Xunta Directiva Vigo	22.000,00 €
Xunta Directiva Santiago	19.000,00 €
Xunta Directiva Ferrol	19.000,00 €
Total Xuntas Directivas	139.000,00€

A contía resultante puido ser distribuída entre os seus membros en función dos criterios de dedicación e desenvolvemento de actividades que estimaron oportuno, é dicir, estes importes foron o límite máximo que se puido destinar a actividades cada Xunta Directiva, ben directamente, ben a través de colaboradores. Toda cantidade que excedese de estes importes fixos asignados debeu ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno.

Establécese un importe fixo de 25 euros por día e asistente en concepto de manutención para a asistencia a xuntas de goberno.

Todas as retribucións que percibiron os órganos de goberno con motivo do seu cargo se entenden incluídas nos importes e se axustarán aos criterios anteriormente expostos, sen prexuízo da compensación dos gastos en que incorran co motivo do exercicio das súas funcións.

2. Compensación de gastos.

Na compensación de gastos se cubriron exclusivamente os gastos nos que se incorrera con motivo do desprazamento realizado, segundo o seguinte criterio:

- Para os que utilizaron vehículo propio, a razón de 0,19 €/km.
- Para os que utilizaron un medio de transporte público, o custe dos billetes.

Para efectuar o reembolso de los gastos, foi necesaria a súa previa xustificación.



SERVIZO DE DEONTOLOXÍA E ASUNTOS PROFESIONAIS: PROCEDEMENTOS INFORMATIVOS E SANCIONADORES

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é ordenar o exercicio profesional no marco das Leis, velar pola observancia da deontoloxía e das incompatibilidades no exercicio da profesión, así como o respecto debido aos dereitos dos cidadáns.

Concretamente este Colexio profesional está obrigado a velar pola Deontoloxía profesional, segundo restablecen e desenvolven as seguintes referencias legais:

- A Lei estatal 2/1974 do 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, modificada expresamente pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, nos seus artigos 2, 11 e 12.
- A Lei 11/2010 autonómica do 18 de setembro, modificada pola Lei 1/2010, de 11 de febreiro, nos seus artigos 10, 10ter, 10 quater, 20 e 26.
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 105/2016 de 21 de xullo, no seus artigos 5.c); 6.3.h); 7.3; 16.2.a) y d) y 17.1
- O novo Código Deontolóxico dos Arquitectos, aprobado pola Asemblea Xeral do Consello Superior o día 20 de novembro de 2015 e que entrou en vigor o el 20.11.2016, estando vixentes ata ese momento as antigas Normas Deontolóxicas de Actuación Profesional dos Arquitectos na súa profesión, aprobadas pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno dos Colexios de Arquitectos en sesión de 7 e 8 de maio de 1971, e revisadas na do 22 de novembro do mesmo ano, con última modificación parcial, para a súa adaptación aos Estatutos Xerais, aprobada pola Asemblea Xeral do Consello Superior do 28 de novembro de 2003.
- A Guía de procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios nos Colexios de Arquitectos, aprobada pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno do 30 de novembro de 2001, con modificacións aprobadas pola Asemblea Xeral Ordinaria do Consello Superior de Arquitectos de España do 27 de novembro de 2009.

Para a consecución destes fins o Colexio exerce entre outras, funcións de ordenación que eviten o intrusismo profesional, velando pola ética e a dignidade da profesión, tanto nas relacións recíprocas entre Arquitectos, coma nas destes cos seus clientes, ao tempo que exerce a potestade disciplinaria sobre os Arquitectos que incumpran os seus deberes colexiais ou profesionais, tanto legais coma deontolóxicos.

Así mesmo e en virtude das modificacións legislativas das Leis omnibus estatal e galega, que regulan a actividade dos Colexios Profesionais en aplicación da Directiva Comunitaria de liberalización do sector servizos, tamén é obriga dos Colexios Profesionais resolver as queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos seus colexiados, tanto si se presentan por calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dun arquitecto, coma a través de asociacións e organizacións de consumidores e usuarios en representación ou defensa dos intereses destes, instruíndo, cando proceda e por parte dos órganos colexiais competentes, os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios.

Para apoiar e asistir, en maior medida, o labor do Colexio de Arquitectos nestes fins e funcións, a Xunta de Goberno, no seu día, na súa Sesión n.º 4/2012 do 26 de marzo de 2012, considerou oportuno o establecemento e posta en marcha do SERVIZO DE DEONTOLOXÍA COLEXIAL.

Posteriormente e segundo acordo da Xunta de Goberno nº 14/2012 de 5 de novembro, aprobouse o Regulamento que o ordena.

Segundo ese mesmo acordo, e de acordo o artigo nº 3, o responsable da Xunta de Goberno na área da Comisión Deontoloxía e Asuntos Profesionais, tras as eleccións de 12 do maio de 2015, o servizo organizouse como de deseguido se di:

- Responsable: Simón Pereiro López-Quecuty (Vogal)
- Persoal do Colexio de apoio: Alberto Escobar Molinero



Todo elo con o apoio da asesoría xurídica colexial.

Tal e como di o apartado 2 do artigo 10 do Texto consolidado da Lei 2/1974, de 13 do febreiro, sobre Colexios Profesionais, desde o ano 2012 o COAG na páxina web corporativa colexial, conta con un apartado para este servizo, onde está aloxado o propio Código e o Regulamento do servizo. Ver: <http://portal.coag.es/deontoloxia/>

Ademais segundo establece o artigo 11 do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais nos seus apartados , c), d), deseguido apórtase:

- Información agregada e estatística relativa aos procedementos informativos e sancionadores en fase de instrución ou que alcanzasen firmeza, con indicación da infracción á que se refiren, da súa tramitación e da sanción imposta se é o caso, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Información agregada e estatística relativa a queixas e reclamacións presentadas polos consumidores ou usuarios ou as súas organizacións representativas, así como sobre a súa tramitación e, se é o caso, dos motivos de estimación ou desestimación da queixa ou reclamación, de acordo, en todo caso, coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

• INFORMACIÓN ESTADÍSTICA

No ano 2016 este Servizo realizou a actividade que se concreta sucintamente en: (*)

POR EXPEDIENTES

Abríronse 10 expedientes. Deles:

1º	De inicio	16
2º	De resolución	12
3º	Acordo Xunta de Goberno	12
4º	Pendente resolución	01
5º	Pendientes Xunta de Goberno ou Directiva	00
6º	Previos (sen continuidade)	03

POR COLEXIADOS AFECTADOS

Foron afectados 11 colexiados. Deles:

CO	Da delegación da Coruña	05
LU	Da delegación de Lugo	00
OU	Da delegación de Ourense	03
PO	Da delegación de Pontevedra	04
VI	Da delegación de Vigo	03
SA	Da delegación de Santiago	02
FE	Da delegación de Ferrol	02
S/I	Sen identificar polo denunciante	00
O/Coas	Doutros COA's	00
O/Oprof	A Outros profesionais	00

POR TIPO DE SUPOSTA INFRACCIÓN DEONTOLÓXICA

Foron identificadas 14 supostas infraccións. Delas:

II	Nas formas de exercer a profesión polo arquitecto	07
III	Nas obrigacións xerais do arquitecto	02
IV	Nas súas incompatibilidades	00
V	Nas relacións do arquitecto cos clientes	16
VI	Nas relacións do arquitecto cos contratistas e industriais	00



VII	Nas relacións do arquitecto con outros profesionais que actúen como conselleiros técnicos ou como colaboradores	00
VIII	Nas relacións entre arquitectos	00
IX	Nas relacións do arquitecto co Colexio	00
X	Outras. Incumprimento Colexiación obrigatoria	00
	Outras. Titulación habilitante	00
	Outras. Suposta falsificación	00

POR LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

Foron identificadas actuacións que se vinculan con 10 municipios galegos. Deles:

CO	Da provincia da Coruña (Boiro; Ferrol 2; Miño; Ribeira; A Coruña 2; Porto do Son; Santiago)	9
LU	Da provincia de Lugo	0
OU	Da provincia de Ourense (O Carballiño; Ourense)	2
PO	Da provincia de Pontevedra (Mos; Marín; Vilagarcía 2; Vigo 2; Pontevedra 2)	8

POR TIPO DE DEMANDANTE

I	Por persoa xurídica	01
II	Por persoa física	09
III	Por arquitecto colexiado	04
IV	Pola Administración	01
V	Por Comunidades de propietarios	02
VII	Pola Xunta de Goberno/Directiva do COAG ou pola organización interna	02
VIII	Por outros profesionais	00

(*) Un mesmo expediente pode afectar á vez a diferentes aspectos, polo que o sumario dos diferentes apartados poden non ser concordantes

• ACORDOS E FIRMEZA

No ano 2016 a Xunta de Goberno:

- Non abriu novas dilixencias previas debido que non se detectaron posibles infraccións deontolóxicas, arquiváronse xustificadamente doce denuncias.
- A asesoría xurídica colexial atendeu os recursos presentados polo arquivo das seguintes denuncias:
 - o SD 09_2015, reclamación entre colexiados da delegación de A Coruña
 - o SD 07_2016, reclamación entre colexiados da delegación de Vigo

• INCOMPATIBILIDADES E POSIBLES SITUACIÓNS DE CONFLITO DE INTERESES

De acordo o punto f) do texto consolidado da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, manifestar que con respecto as Normas sobre incompatibilidades e posibles situacións de conflito de intereses en que poidan encontrarse os membros das Xuntas de Goberno, no ano 2016 non producíronse cuestións desta índole.

• MODIFICACIÓN DOS CÓDIGOS DEONTOLÓXICOS

Na liña establecida no apartado e) de dita Lei, dicir que o 20 de novembro do ano 2016, entrou en vigor o novo Código Deontolóxico dos Arquitectos, o cal foi ratificado anteriormente pola Asemblea Xeral do Consello Superior dos Arquitectos de España un ano antes. Dito Código foi difundido os colexiados segundo circular feita o caso, aviso nas redes sociais colexiais, así como a conseguinte actualización do apartado o caso da web colexial.




O novo Código substitúe ás anteriores normas deontolóxicas que, con lixeiras modificacións, databan de 1971. Nestes 45 anos producíronse profundas transformacións na sociedade no seu conxunto, e no ámbito particular da nosa profesión, que obrigaban a unha revisión integral do corpo normativo regulador da conduta profesional dos arquitectos. O mesmo fixa un modelo de exercicio para o conxunto da profesión e especialmente para a masa de novos titulados que se enfrontan a un horizonte moi difícil e falto de referencias. Garda sintonía cos textos homólogos dos países europeos máis importantes no campo da organización institucional da arquitectura, e resulta imprescindible para exercer como arquitecto con coñecemento de causa.

INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS

As reclamacións realizadas polos arquitectos no ano 2016, foron referidas aos seguintes conceptos:

Problema COAG-Estudio	18
Documentación colexial	14
Configuración colexiación	13
Atención a colexiados	11
Problema facturación	11
Xestións externas	10
Coste de tramitación	8
Procedemento visado	8
Inscripción peritos	5
Idioma	3
Inscripción web	1
Total	102

No histórico dos últimos tres anos, descenderon as reclamacións:





AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

En 2016 a Agrupación do Arquitectos Peritos e Forenses do COAG (AAPF) continuou coa súa actividade habitual, tentando proporcionar a todos os Colexiados, membros ou non da Agrupación, o soporte necesario para o desempeño das funcións como arquitectos dentro do ámbito pericial.

A Xunta Directiva da Agrupación durante o ano 2016 estivo constituída polos seguinte integrantes:

D. Carlos Alvira Duplá	Presidente e representante da Delegación de Pontevedra
D. Fernando M. Taberero Duque	Secretario e representante da Delegación de Santiago
D. José Antonio Piñeiro García	Tesoureiro e representante da Delegación de Ourense
D. José Manuel Alonso Velasco	Vogal en representación da Delegación de A Coruña
D. Antonio Rodríguez Domínguez	Vogal en representante da Delegación de Lugo
D. Andrés Touceda Gómez	Vogal en representación da Delegación de Vigo
⁽¹⁾	Vogal en representación da Delegación de Ferrol
D. César Jiménez López	Vogal con voz pero sen voto (ex presidente)
D. Fernando M. Taberero Duque⁽²⁾	Representante da Xunta de Goberno do COAG ⁽²⁾

⁽¹⁾ Convocadas eleccións en marzo de 2015, trala dimisión de D. Antonio Casal Fernández como vogal en representación de Delegación de Ferrol, ninguén concorreu ás mesmas, polo que o posto permaneceu vacante

⁽²⁾ Como vogal da Xunta de Goberno do COAG, e designado por esta para este fin, exerce tamén como representante da mesma diante da Xunta Directiva da Agrupación

No exercicio **2016** son membros da Agrupación **196 Colexiados**, de acordo coa seguinte distribución:

Delegación de A Coruña	45 membros
Delegación de Lugo	25 membros
Delegación de Ourense	19 membros
Delegación de Pontevedra	29 membros
Delegación de Vigo	47 membros
Delegación de Santiago	22 membros
Delegación de Ferrol	9 membros
TOTAL	196 membros

A Xunta Directiva efectuou un total de seis reunións ao longo do ano natural, todas elas celebradas na sede do COAG, en Santiago de Compostela, nas que ademais dos asuntos de trámite abordáronse os temas previstos. De entre eles recóllense a continuación algúns dos máis salientables:

- Sesión 17/1 | 11 de febreiro
Tómase o acordo de convocar o correspondente proceso electoral para elixir aos respectivos representantes dos peritos das Delegacións de A Coruña e Ferrol, vacantes pola dimisión dos seus anteriores representantes
- Sesión 17/2 | 17 de marzo
Tómase o acordo de deixar vacante o posto de representante da delegación de Ferrol na Xunta Directiva por ausencia de candidatos
Acórdase admitir a candidatura de José Manuel Alonso Velasco como representante da Delegación de A Coruña, e declaralo electo, ao non térense presentado máis candidatos
- Sesión 17/3 | 18 de abril
José Manuel Alonso Velasco toma posesión como representante dos membros da Agrupación adscritos á Delegación de A Coruña
Tómase o acordo de iniciar os contactos pertinentes para levar a cabo reunións informais entre arquitectos e xuíces, que se organizarán por Delegacións
Decídese convocar o curso de iniciación á práctica pericial para os días 22 e 23 de setembro próximos



- Sesión 17/4 | 30 de maio
Apróbase por unanimidade o programa definitivo do curso de iniciación á práctica pericial a celebrar os próximos días 22 e 23 de setembro
Acórdase incluír nas certificacións de asistencia, así como na sinalética do curso, os logotipos das seguintes institucións: CSCAE, UAPFE, ASEMAS, COAG e AAPF
- Sesión 17/5 | 8 de setembro
Trabállase na organización do curso de iniciación á práctica pericial, avanzando nos aspectos aínda pendentes de axuste
Tómase o acordo continuar los contactos pertinentes para levar a cabo canto antes as reunións informais entre arquitectos e xuíces que están máis avanzadas: Pontevedra e Lugo
- Sesión 17/6 | 19 de outubro
Acórdase convocar oficialmente e dar publicidade á reunión informal entre arquitectos e xuíces que se celebrará la seguinte semana en Lugo
Tómase o acordo de solicitar unha reunión á Xunta de Gobierno co obxecto de debater conxuntamente os puntos nos que poida haber desacordos, así como minimizar as posibles friccións
Acórdase solicitar á Secretaría colexial que se envíen listas de peritos aos xulgados clasificadas por localidades, sempre que sexa posible legal e tecnicamente

Pola súa banda, o Presidente, Carlos Alvira Duplá, na súa calidade de representante da AAPF do COAG ante a Unión de Arquitectos Peritos e Forenses de España (UAPFE), e membro da súa Xunta Directiva, asistiu a cinco reunións da citada Xunta Directiva, que se celebraron todas elas en Madrid, nas que se debateu e tomaron acordos con respecto a diversos asuntos, entre os que se sinalan:

- XX de xaneiro
Elaboración dun regulamento electoral actualizado, que evite confusións innecesarias en próximas eleccións

Curso “El dictámen pericial del arquitecto”, Santiago de Compostela, 22 e 23 de setembro de 2016

Tras varios anos sen levar a cabo o curso de iniciación á práctica pericial, finalmente no mes de setembro celebrouse o que pretende ser o primeiro dunha serie que teña certa regularidade e periodicidade.

